

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A AGRUPACIÓN EUROPEA DE COOPERACIÓN TERRITORIAL GALICIA-NORTE DE PORTUGAL PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE DE COORDINACIÓN DO EURES TRANSFRONTEIRIZO GALICIA-NORTE DE PORTUGAL

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

### REUNIDOS

**Dunha parte,** D. José González Vázquez, Conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia, en nome e representación da consellería, en virtude do Decreto 44/2024, de 14 de abril, do seu nomeamento e intervindo no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

**Doutra parte,** D. Nuno Augusto de Castro Azevedo Soares de Almeida, Director da Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal, en diante GNP/AECT, designado por despacho conxunto do presidente da Xunta de Galicia e do presidente da Comissão de Coordenação e Desenvolvimento Regional do Norte de Portugal, do 28 de xullo de 2021, en nome e representación da dita organización.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas e,

### EXPOÑEN

**Primeiro.** O Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, así como o Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia; establecen que a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración é a consellería a quen lle corresponde, de conformidade co Estatuto de Autonomía e coa Constitución, propoñer e executar as directrices xerais do goberno no ámbito laboral, que engloba as competencias en materia de políticas activas de emprego, política laboral, relacións laborais e seguridade e saúde laboral, responsabilidade social empresarial, cooperativas e outras entidades de economía social, orientación e promoción laboral.

Que polo Real Decreto 1375/1997, do 29 de agosto, foi transferida á Comunidade Autónoma de Galicia a xestión realizada polo INEM no ámbito do traballo, emprego e formación, transferencia que foi efectivamente asumida pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración en virtude do Decreto 289/1997, do 9 de outubro, en relación co Decreto 147/2024, do 20 de maio polo que se establece a súa estrutura orgánica.

Que como consecuencia da transferencia citada, é a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración a través da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego, a responsable de levar a cabo as accións de intermediación no mercado de traballo e, en concreto, as relativas á inscrición e rexistro de demandantes de emprego e das ofertas de traballo, rexistro de contratos, autorización de axencias de colocación e Rede EURES.

Dentro da Rede EURES atópase o servizo EURES-Transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal, que ten como obxectivo mellorar a transparencia do mercado de traballo transfronteirizo e facilitar a mobilidade dos traballadores entre as zonas fronteirizas de Galicia e o Norte de Portugal.

**Segundo.** Que o EURES Transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal foi creado con data 15.12.1997 mediante a sinatura dun convenio marco de colaboración entre distintos socios, entre os cales se atopan, entre outros, o Instituto de Emprego e Formación Profesional (Lisboa-Portugal) e a Xunta de Galicia.

O Convenio Marco de colaboración vixente de data 18.03.2021 foi asinado por todas as partes integrantes con vixencia ata 31.12.2023 prorrogable automaticamente por períodos de 4 anos.

Dito convenio establece en base á Decisión 2012/733/CE da Comisión do 26 de novembro de 2012, entre outros, os seguintes obxectivos:

- Asegurar a circulación de información relativa ás ofertas e demandas de emprego entre as rexións fronteirizas.
- Asegurar a transparencia de información relativa ao mercado de traballo e ás condicións de vida e traballo nestas rexións.

O citado convenio especifica no artigo 1º a necesidade de acadar conxuntamente os obxectivos antes mencionados entre todos os socios e no artigo 5º a preparación dun plan de traballo anual global no que se especificuen as actividades de cada socio, entre as que se atopan as de coordinación da Rede.

Así mesmo, establece no seu artigo 13º que os Servizos Públicos de Emprego rotativamente, sexan os únicos perceptores da contribución da Comisión,



conforme ao artigo 12º e que procedan á distribución dos fluxos financeiros entre os respectivos socios.

**Terceiro.** O 22 de setembro de 2008 asinouse en Santiago de Compostela o Convenio de Cooperación Territorial Europea entre a Xunta de Galicia e a Comissão de Coordenação e Desenvolvimento Regional do Norte (CCDR-N), para a constitución da GNP-AECT con base no Regulamento (CE) 1082/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xullo de 2006, sobre a Agrupación europea de cooperación territorial (AECT), que, publicado xunto cos seus estatutos na Resolución do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación do 23 de outubro de 2008, ten como obxectivo facilitar e fomentar a Cooperación Territorial entre Galicia e o Norte de Portugal. Crease desta maneira a GNP AECT como entidade con personalidade xurídica e a máis ampla capacidade xurídica de actuación co obxectivo mencionado e co fin exclusivo de reforzar a cohesión económica e social.

**Cuarto.** As actividades derivadas do programa EURES transfronteirizo Galicia Norte de Portugal e, especificamente, as derivadas do proxecto europeo "EURES 24-25 project 101139806" circunscríbense nun ámbito de interés compartido das entidades asinantes do presente convenio, no que veñen colaborando habitualmente como socias do programa Eures transfronteirizo G-NP e que constitúe, asimesmo, o xerme da propia creación e a actividade da GNP AECT.

Por todo o anterior, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, responsable da xestión das accións transferidas anteriormente indicadas e sendo perceptora dos fondos financeiros comunitarios, formaliza coa Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal o presente Convenio para a realización das **actividades de coordinación do EURES Transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal** con arranxo ás seguintes,

## CLÁUSULAS

### **Primeira. Obxecto.**

O obxecto do presente Convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, e maila GNP,AECT, para a realización das actividades de coordinación do EURES Transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal que de seguido se detallan:

- Elaborar o Plan de Actividades anual, a partir das achegas dos socios.
- Elaborar o orzamento anual, a partir das achegas dos socios.



- Supervisar a implantación e a contabilidade do orzamento da estrutura.
- Preparar o informe anual da estrutura.
- Asegurar a calidade e a conformidade da contabilidade e o informe final da estrutura coas regras de EURESCO.
- Axudar aos socios na planificación de accións apropiadas en relación á estratexia definida.
- Estimular a cooperación e a realización de accións conxuntas, poñendo remedio aos obstáculos á cooperación.
- Participar no desenvolvemento e implantación de todas e cada unha das accións do Plan de Actividades anual, realizando tamén tarefas de supervisión e control.
- Promocionar e representar á estrutura xunto coa persoa titular da presidencia do Comité Directivo de EURES-T, non só nas accións desenvolvidas polos organismos socios senón tamén nas desenvolvidas por outros organismos e institucións que solicitan a colaboración de EURES-T Galicia-Norte Portugal.
- Organizar as reunións dos grupos de traballo específicos, promovidos polos SPE de Galicia e Portugal.
- Promover e organizar os encontros do persoal dos SPE de Galicia e Portugal.
- Estimular as sinerxías con outros programas comunitarios, organismos e institucións.
- Asegurar a promoción de EURES entre os responsables xerárquicos dos conselleiros EURES e a súa implicación.
- Manter contacto cos servizos centrais dos organismos socios.
- Planificar e poñer en marcha as accións de formación interna.
- Proporcionar apoio á rede de conselleiros EURES, facilitando o contacto con outros organismos e institucións (S. Social, Inspección de Traballo, Finanzas, etc.) e buscar solucións ás necesidades de información solicitadas por eles.
- Asistir ao Comité Directivo na dirección e control da implantación das actividades aprobadas, preparar as reunións do Comité Directivo e contribuír á aplicación das decisións tomadas.
- Atención ao público (demandantes de emprego, empregadores) dando información sobre dereitos e obrigas no ámbito laboral transfronteirizo.
- Asistir aos conselleiros EURES de Galicia e Norte de Portugal na busca de información sobre dereitos e obrigas no ámbito laboral transfronteirizo.

En virtude do presente convenio e conforme ao que nel se recolle a GNP-AECT asumirá a realización actividades de coordinación do EURES Transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal. A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración aboaralle os gastos producidos.

## Segunda. Orzamento e forma de pagamento.

A achega financeira ao citado Convenio, no que atinxe á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, establécese en cento oitenta e oito mil cento oitenta e sete euros con trinta e dous céntimos **188.187,32€** e realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 44.03.322A.490.0 (Proxecto: 2024 00073 "EURES 24-25 project 101139806"). Dita cantidade correspóndese co 100% da contía orzada para o desenvolvemento das actividades de coordinación que figuran no Acordo de Subvención Grant Agreement Project 101139806—EURES-T G-NP 24-25 financiadas con fondos FSE+ nun 95% e con fondos propios da Comunidade Autónoma no 5% restante.

A execución dos pagos derivados deste convenio realizarase utilizando a fórmula de pagos á conta, o que suporá a realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións conveniadas. Poderanse facer pagos á conta que inclúan os gastos de persoal de alomenos dúas mensualidades. A previsión dos gastos a liquidar mediante pagos á conta en cada anualidade é a seguinte:

- Anualidade 2024, gastos de persoal dende abril 2024 a novembro de 2024
- Anualidade 2025, gastos de persoal dende decembro 2024 a novembro de 2025
- Anualidade 2026, gastos de persoal dende decembro de 2025 a marzo de 2026

A coordinación da rede Eures-T G-NP, obxecto deste convenio, caracterízase por ser unha actividade de prestación continuada e sucesiva e, tendo en conta o carácter ordinario e recorrente dos gastos que se contemplan, o obxecto do convenio, no que respecta ao período xustificado, considérase cumprido de conformidade no mesmo momento da validación e pagamento de cada xustificación parcial.

Así mesmo aboarase de forma anticipada o importe destinado a axudas de custo (4.400€) máis a parte de custos indirectos que non se prevé destinar a actualización das retribucións do persoal (7.250,50). Dada a natureza discontinua e carácter accesorio destes gastos con respecto da actividade principal conveniada non é posible prever a súa distribución por anualidades de forma que quede asegurado o correspondente financiamento. A xustificación destes importes realizarase xunto coa liquidación final.

O importe total de cada anualidade e a súa distribución estimada son os que se recollen no seguinte cadro:

|   | total             | 2024             | 2025             | 2026             |
|---|-------------------|------------------|------------------|------------------|
| saldos e salarios                                   | 171.476,00        | 56.059,70        | 85.544,63        | 29.871,67        |
| custos indirectos-estimación actualización salarios | 5.060,82          | 0,00             | 3.373,88         | 1.686,94         |
| resto custos indirectos                             | 7.250,50          | 7.250,50         | 0,00             | 0,00             |
| axudas de custo                                     | 4.400,00          | 4.400,00         | 0,00             | 0,00             |
| <b>TOTAL:</b>                                       | <b>188.187,32</b> | <b>67.710,20</b> | <b>88.918,51</b> | <b>31.558,61</b> |

O aboamento dos mencionados anticipos e pagamentos á conta non requiriran da constitución de garantías por parte da GNP-AECT.

En ningún caso a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración aboará en virtude do presente convenio custo ningún que exceda da dita cantidade.

No caso de que se producisen ao remate do período gastos inherentes á aplicación da lexislación laboral en materia de rescisión ou non renovación do contrato co persoal integrante da Oficina de Coordinación do EURES-T G-NP, instruirase o procedemento oportuno para restituír a contía pagada e xustificada pola AECT GNP na parte que corresponda aos períodos de contratación conveniados coa Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ou aquela que asumise en cada momento as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia relacionadas co Eures transfronteirizo G-NP.

### **Terceira. Xustificación e prazos.**

A GNP, AECT deberá xustificar a realización das actividades conveniadas mediante a presentación de conta xustificativa, coa achega das facturas ou documentación acreditativa do gasto realizado xunto cos documentos de pago correspondentes. Para o suposto de que os gastos efectuados foran menores que a achega da Consellería, esta minorarase polo importe desa diferenza.

Serán computados como gastos realizados imputables ao presente convenio os aprobados segundo o Acordo de Subvención "Grant Agreement Project 101139806—EURES-T G-NP 24-25" dentro das actividades de coordinación do EURES Transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal cando estes estean xustificadas segundo as normas establecidas no regulamento financeiro aplicable ao orzamento xeral das Comunidades Europeas (FOR) e as súas regras de aplicación (RAP). Poderanse imputar a este convenio os gastos realizados dende o día 1 de abril de 2024 ata o 31 de marzo de 2026.

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que considere precisa, en relación coa xustificación económica.

Prazos:

Prazo para execución das actividades e realización dos gastos: desde o 1 de abril de 2024 ata o 31 de marzo de 2026.

Prazo para a presentación da documentación xustificativa:  
anualidades 2024 e 2025: ata o 15 de decembro do ano respectivo inclusive  
anualidade 2026: ata 15 de maio de 2026 inclusive

Excepcionalmente poderán aboarse con cargo a un exercicio orzamentario gastos realizados no dito exercicio nos que non resulte posible achegar a xustificación do seu pagamento dentro do prazo de xustificación establecido. Nestes casos o pagamento deberá xustificarse antes do 15 de febreiro do ano inmediato seguinte. Do mesmo xeito, os gastos do mes de marzo de 2026 dos que non sexa posible realizar o seu pagamento dentro do periodo de execución da actividade serán subvencionables sempre que se xustifique o seu pagamento antes do remate do prazo de xustificación. En ámbolos dous casos se finalmente non se xustificase o pagamento os importes correspondentes serán descontados dos pagamentos pendentes ou, de ser o caso, reintegrados.

Poderanse xustificar e aboar con cargo á anualidade do convenio do exercicio inmediato seguinte os gastos correspondentes aos meses de novembro e decembro.

#### **Cuarta. Obrigas.**

A GNP, AECT estará suxeita ás seguintes obrigas:

- a) Comunicarlle á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración calquera modificación das condicións tidas en conta para a formalización do presente convenio, así como dos compromisos e obrigas asumidos e, de ser o caso, a obtención de subvencións ou axudas en relación coas mesmas actividades conveniadas procedentes de calquera Administración ou ente público nacional ou internacional.
- b) O sometemento ás actuacións de control, comprobación e inspección que efectuará a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, ás de control financeiro que correspondan, se é o caso, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, ou a outros órganos da Administración do Estado ou da Unión Europea.
- c) Conservar os xustificantes da realización das actividades deste convenio, así como da aplicación dos fondos recibidos. O prazo será o establecido no

artigo 82 do Regulamento UE 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello polo que se establecen disposicións comúns relativas a FEDER, FSE+, FC, FTX e FEMPA.

- d) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao GNP, AECT coa identificación en conta separada ou epígrafe específico da súa contabilidade de todos os ingresos e gastos de execución das accións realizadas.

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que considere precisa, en relación coa xustificación económica ou a realización das actividades conveniadas. A non realización das actividades conveniadas implicará o non aboamento das cantidades correspondentes aos períodos nos que se produza o incumprimento.

#### **Quinta. Publicidade e rexistro.**

As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

#### **Sexta. Compatibilidade.**

A achega da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración é incompatible coa percepción pola GNP, AECT de calquera outro ingreso, recurso ou subvención para as mesmas actividades conveniadas procedente de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

#### **Sétima. Inexistencia de relación laboral.**

A subscrición deste convenio de colaboración non implicará relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades e a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. A GNP, AECT non ten responsabilidades máis alá das derivadas da súa xestión desta labor de coordinación.



### **Oitava. Duración e prórroga.**

A duración deste convenio será dende o día da súa sinatura ata o día 30 de xuño de 2026, podendo ser denunciado pola parte que considere vulnerado o seu espírito por incumprimento dalgunha das súas cláusulas. O prazo máximo de presentación por parte dos beneficiarios da documentación xustificativa será o 15 de maio de 2026.

O presente convenio poderá prorrogarse por mutuo acordo das partes antes da súa finalización, e por un período máximo da actividade conveniada de 24 meses, sempre que se obteñan fondos europeos para a continuación do programa Eures transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal. O importe da prórroga, se é o caso, será o que estableza o respectivo acordo de subvención da UE para a actividade de coordinación.

A denuncia terá que efectuarse mediante comunicación á outra parte, por escrito fundado e cunha antelación mínima dun mes. Agás acordo expreso en contrario, teranse que rematar as accións xa iniciadas.

A modificación do contido do convenio requirirá acordo unánime dos firmantes.

### **Novena. Comisión de seguimento.**

Correspóndelle á comisión creada para o efecto o seguimento e interpretación das dúbidas que se presenten. Formarán parte da mesma dous membros designados por cada unha das partes.

### **Décima. Natureza xurídica e xurisdición competente.**

Este convenio terá carácter administrativo e rexeráse polas súas propias cláusulas. En todo o non sinalado estarase ao previsto pola normativa de dereito administrativo aplicable e, supletoriamente, ao previsto na Lei de subvencións de Galicia e o seu regulamento. No caso de persistir as dúbidas ou controversias despois de reunida a Comisión de seguimento estas serán resoltas pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. A xurisdición contencioso-administrativa de España será a competente para entender dos litixios que puideran xurdir.

### **Décimo primeira. Protección de datos de carácter persoal**

1) Tratamento dos datos persoais das partes asinantes deste convenio.

Os datos persoais dos asinantes deste convenio serán tratados por cada unha das partes co fin de xestionar a formalización e desenvolvemento do presente convenio, sendo imprescindible para iso que inclúan os seus datos identificativos, a representación da capacidade que ostenten e a súa sinatura.



A base lexitimadora do tratamento dos datos persoais dos asinantes é o cumprimento dunha misión realizada en interese público baseada na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na necesidade de tratar os devanditos datos para a execución do convenio suscrito.

Respecto dos datos persoais sobre os que a Consellería ostenta a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar ante este o acceso, rectificación, supresión, así como exercitar outros dereitos recoñecidos nos artigos 15 a 22 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (en diante, RXPD) a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos>. Contacto co/a delegado/a de protección de datos e información adicional en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

En canto aos datos persoais sobre os que GNP AECT, ostenta a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar da devandita entidade o acceso, rectificación e supresión dos seus datos, así como exercer outros dereitos recoñecidos no RXPD en <https://gnpaect.eu/portal-tranfronterizo/>.

Así mesmo, as partes garanten o cumprimento do deber de información previsto no artigo 13 do RXPD respecto do persoal ao seu servizo, propio ou alleo, cuxos datos persoais sexan comunicados entre as partes para a execución dos seus compromisos.

## 2) Deber de confidencialidade.

O GNP AECT deberá respectar o segredo profesional e, en consecuencia, manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos, datos e informacións que lle sexan confiados para a formalización e desenvolvemento do presente convenio. Así mesmo, queda expresamente obrigado:

- a utilizar a devandita información exclusivamente no ámbito deste convenio e para as finalidades previstas nel;
- a non comunicala, nin total nin parcialmente, a ningún terceiro sen autorización expresa do emisor salvo nos casos expresamente previstos na lei, esixindo idéntico compromiso ao persoal que empregue ou que con el colabore na execución do convenio;
- a facilitar o acceso á información unicamente ao persoal que a necesite para o desenvolvemento da devandita relación, a quen se comunicará a obrigaçión de tratar a información á que se lles dá acceso con carácter estritamente confidencial;



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
EMPREGO, COMERCIO  
E EMIGRACIÓN



AGRUPACIÓN EUROPEA DE  
COOPERACIÓN TERRITORIAL  
GALICIA  
NORTE DE  
PORTUGAL  
AGRUPAMENTO EUROPEU DE  
COOPERAÇÃO TERRITORIAL

- a aplicar medidas de cautela e protección e destruír en calquera momento a documentación escrita recibida se así o solicita a parte que a forneceu.

Considerarase información confidencial aquela á que as partes asinantes accedan en virtude do presente convenio, especialmente a de tipo técnico ou tecnolóxico, administrativa, ou económico-financeira, sempre que non teña carácter público ou notorio.

E en proba de conformidade, asinan este convenio de colaboración por triplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

POLA CONSELLERÍA DE  
EMPREGO, COMERCIO  
E EMIGRACIÓN

POLA AGRUPACIÓN EUROPEA  
DE COOPERACIÓN TERRITORIAL  
GALICIA-NORTE DE PORTUGAL

José González Vázquez

Nuno Augusto de Castro  
Azevedo Soares de Almeida

